

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O concepto de trienio está comprendido nas retribucións?

- A) Básicas.
- B) Complementarias.
- C) Non existe.
- D) Excepcionais

2. Os sistemas de selección no Servizo Galego de Saúde son:

- A) Exclusivamente concurso–oposición
- B) Oposición, entre outros.
- C) Solo por concurso.
- D) Oposición en exclusiva.

3. Segundo a Lei Galega 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica?

- A) As instrucións previas podense formalizar ante Notario.
- B) A propiedade da historia clínica é da Administración Sanitaria.
- C) O paciente ten dereito de acceso á documentación da historia clínica.
- D) Todas son correctas.

4. Segundo a Constitución, NON é un dereito fundamental?

- A) Á vida.
- B) Á integridade física e moral.
- C) Á liberdade e a seguridade.
- D) Á saúde pública

5. Segundo o Estatuto marco do persoal estatutario. ¿É falta moi grave?

- A) A discriminación por circunstancias económicas.
- B) O encubrimiento.
- C) A incorrección.
- D) El incumplimiento injustificado del horario o jornada de trabajo, cuando no constituya falta grave.

6. ¿Cal destes é un dereito recoñecido pola Lei xeral de sanidade?

- A) Respecto á personalidade, dignidade humana e intimidade.
- B) A un médico privado.
- C) A unha habitación de hospital privada.
- D) A ser advertido de se os procedementos de prognóstico, diagnóstico, que selle apliquen poidan ser utilizados en función dun proxecto docente ou de investigación. Pero non os terapéuticos.

7. Segundo a lei de saúde de Galicia. É unha función do Consello da Xunta de Galicia

- A) Elaborar as directrices da política sanitaria exterior.
- B) Vixilancia e control da publicidade sanitaria.
- C) A aprobación do Plan de saúde de Galicia
- D) A elaboración do proxecto do Plan de saúde do Estado.

8. ¿Cal é a definición de prevención?

- A) O conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases da actividade da empresa co fin de evitar o diminuir os riscos derivados do traballo.
- B) As enfermidades sufridas con motivo do traballo.
- C) O risco laboral grave e inminente.
- D) Os danos derivados do traballo.

9. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia. O Presidente será nomeado por?

- A) Polo Presidente do Goberno Español.
- B) Polo Delegado do Goberno.
- C) Polo Presidente das Cortes.
- D) Polo Rei.

10. O presidente o presidenta do Servizo Galego de Saúde será:

- A) Un persoal estatutario fijo.
- B) Un persoal estatutario fijo con la carrera de medicina.
- C) Un perosal estatutario fijo coa carreira de ciencias da saúde ou de ciencias económicas.
- D) A persoa titular da Consellería de Sanidade.

Preguntas de reserva

1. ¿Que documentación deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral en materia de riscos laborais?

- A) Non ten que elaborar ningún plan.
- B) Non hai ningunha avaliación.
- C) Soamente si hai un accidente na empresa elaborará un plan de riscos.
- D) El Plan de prevención de riesgos laborales.

2. ¿Que dereitos están regulados na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais?

- A) Dereito de rectificación.
- B) Dereito de supresión.
- C) Dereito de acceso.
- D) Todas son correctas.